

## A D.O. Ribeira Sacra retoma a Cata de Calificación da última colleita

O venres, 25 de febreiro a partir das 12.00h., celébrase no **Hotel Áurea Palacio de Sober**, a **Cata de Calificación da colleita 2021 na D.O. Ribeira Sacra**. Estas catas teñen carácter itinerante por subzonas e, despois de que no 2020 tivera lugar en Portomarín e do parón do pasado ano, neste 2022 retómanse na subzona de Amandi.

Integran o panel de cata:

- **Alfonso Losada Quiroga**, Experto en viticultura e enoloxía
- **José Ramón Montilla Cortizo**, Representante Asociación de Sumilleres Gallaecia
- **Maira Ratón Fernández**, Representante Asociación Gallega de Enólogos
- **Mercedes González Rodríguez**, Presidenta Vitislucus-Expertos Análise Sensorial e Enoturismo. Asesoría Gastronómica MEmbajadora
- **José María Martínez Alonso**, Membro Panel de Cata do C.R.D.O.R.S.
- **Oscar González Rizo**, Membro Panel de Cata do C.R.D.O.R.S.
- **Juan Ángel Fernández Martínez**, Membro Panel de Cata do C.R.D.O.R.S.
- **Pepe Seoane**, xornalista
- **Ana Fernández González**, Representante da Axencia Galega de Calidade (AGACAL)
- **Ana M<sup>a</sup> Martín Abild**, Sumiller e Dipwset

O panel de cata valorará **10 mostras, 2 por subzona** (Amandi, Chantada, Quiroga-Bibeí, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil), buscando ter representación en cada subzona dunha adega de maior produción e outra de menor produción, para establecer unha valoración media dos viños da nova añada. A recollida de mostras levárona a cabo técnicas do C.R.D.O.R.S., comenzando o 14 de febreiro na subzona de Ribeiras do Miño e rematouse o 18 de febreiro na subzona de Chantada.

O **Consello Regulador** organiza esta cata co fin de informar aos consumidores sobre a calidade dos viños que se van atopar no mercado. A última cata de calificación celebrábase en Portomarín un par de semanas antes do confinamento, a colleita 2019 obtiña a calificación de MOI BOA, cunha puntuación de 7.5.

Nota: O acto comezará ás **12.00 para gráficos**.